

POP ART

OBRA: MARILYN MONROE

AUTOR: Andy **WARHOL** (1928-1987)

CRONOLOXÍA: 1962

ESTILO: Pop Art

MATERIAIS: Serigrafía, pintura sintética sobre lenzo

LOCALIZACIÓN: MOMA, New York



POP ART

O Pop Art foi un movemento artístico que xurdíu a mediados dos anos 50 no Reino Unido e a finais da década nos Estados Unidos. A parece rodeado de múltiples e heteroxéneas circunstancias: a Segunda Guerra Mundial, os progresivos avances tecnolóxicos e industriais, o Black Power, o asasinato do presidente Kennedy, a guerra de Vietnam, etc. Este movemento é unha manifestación cultural absolutamente occidental que terá a Estados Unidos como centro, que reflicte a americanización do mundo, o capitalismo. O Pop-Art trata de analizar esta situación, as conquistas industriais e o seu absurdo, os seus límites e o poder sobre as masas. Un rasgo verdadeiramente importante desta arte é o seu xeito de reforzar os cambios de pensamento, prestando especial atención ao *underground*, algo que ata entón non fora interesante para os artistas.

Esta arte desafiou á tradición, afirmando o emprego de imaxes da cultura popular tomadas dos medios de comunicación; é contiguo coas perspectivas das belas artes dado que remove o material do seu contexto e illa o obxecto ou combínao con outros elementos para a súa contemplación. Esta corrente buscaba empregar imaxes populares en oposición á elitista cultura existente na arte, e tamén buscaba enfatizar o aspecto banal de algún elemento cultural. É unha arte eminentemente cidadá, nacida nas grandes urbes, e allea por completo á natureza. Emprega as imaxes cun sentido diferente para lograr unha postura estética ou acadar unha postura crítica da sociedade de consumo.

Nace dentro da era do rock e do espírito hippie. Baséase no emprego de imaxes e temas tomados do mundo da comunicación de masas (televisión, cine, cómic, música...) e da cultura popular (*pop*). Deste xeito, resaltan o valor da iconografía na sociedade de consumo. Trátase dunha arte popular, enxeñosa, nova, efémera e que se produce en serie por medio de serigrafías, do *collage* e da fotomontaxe. A finais dos anos 50 e 60, insertaron nos seus cadros obxectos de consumo cotián e vulgares. Creouse así unha nova iconoloxía, inspirándose na botella de Coca-Cola, o mundo dos cómics ou celebridades de Hollywood como Marilyn Monroe. Esta nova figuración rachaba co informalismo na pintura (movemento dominante na pintura norteamericana e europea nos anos 50). Os artistas norteamericanos recuperaron os obxectos triviais e intrascententes, na tradición dos surrealistas e de Duchamp. As dúas figuras máis destacadas foron Andy Warhol e Roy Lichtenstein. En España a pintura Pop desenvolveuse tardiamente, e foi a voz crítica da falta de liberdades sociais e políticas do franquismo, mesturando o cotián con imaxes históricas e típica da cultura española. O seu foco máis destacado foi Valencia e os seus representantes máis importantes foron o Equipo Crónica, o Equipo Realidad e Juan Genovés.

COMENTARIO

Andy Warhol foi un pintor, escultor, fotógrafo, publicista, editor e cineasta estadounidense que desenvolveu un papel crucial no nacemento e desenvolvemento do Pop-Art. Adquiriu fama mundial polo seu traballo en pintura, cine de vangarda e literatura, fama que estivo respaldada pola súa gran relación cos medios de comunicación e polo seu rol como gurú da modernidade. Acadou popularidade na década dos sesenta ao pintar unha serie de retratos de persoas e obxectos moi coñecidos, como as botellas de Coca-Cola, as latas de sopa Campbell ou retratos de famosos, feitos con acrílicos serigrafiados, das grandes estrelas do cine, do que era un gran apaixonado. Destaca a súa serie de retratos de Marilyn Monroe. A partir de 1962, unha sensación de irrealidade e de artificialidade (reflexo do modo de vida americano, mecanizado e deshumanizado), invade as obras de Warhol, realizadas polo procedemento fotomecánico da serigrafía e baseadas no concepto da repetición. Warhol transforma a serigrafía nun medio flexible, aplicando sobre ela e co pincel toques de cor.

O artista considerábase a si mesmo como unha máquina e prefería falar máis que de pinturas de “produtos industriais”, polo que o traballo en equipo foi fundamental no caso de Warhol. En The Factory (A Fábrica), nome que lle deu Warhol ao seu estudo, leváronse a cabo distintas series que o artista unicamente supervisa e asina, sen máis control que a introdución de efectos accidentais no proceso de traballo, ou a inclusión de pinceladas. A aportación de Warhol ao Pop non se centra exclusivamente na súa vertente pictórica, trasladando a súa obsesión pola imaxe comercial e popular ao cine e a televisión, amosando sempre a súa vea narcisista e autocompracente.

Cando Marilyn Monroe suicidouse en 1962, Warhol comezou a produción dunha serie de serigrafías utilizando como base unha soa fotografía, a que se utilizara para promocionar a película *Niágara*. Adicou moitas das súas obras a Marilyn, pero non pensando nela como un sex-symbol do S.XX, senón formando parte dun ciclo sobre a morte.

Esta obra que ten como protagonista a Marilyn Monroe non é a única, xa que a actriz ademais de conquistar a gran pantalla, conquistou tamén a artistas que usaron a súa imaxe como motivación para o seu traballo. O autor tomou o negativo da fotografía de Monroe para promocionar a película *Niágara*, e plasmouna nun lenzo pintado de cor dourada mediante serigrafía. O rostro da diva do cine quedou inmortalizado no cadro de *Gold Marilyn*, onde aparece como obxecto de veneración. Porén, a súa imaxe non se apreza impoluta ou fiel a fotografía, se non coa maquillaxe mal colocada, borrosa e con manchas. Con esta imaxe inspiradora, Warhol fixo unha serie de máis de vinte pinturas en dous meses, onde o rostro icónico e imperfecto da actriz veuse en repetición e en varios cambios de cor.

O artista atopou na actriz unha das súas combinacións favoritas: a morte e o culto ás celebridades. No famoso díptico de Marilyn, o pai do Pop-Art plasma cincuenta veces o rostro da gran actriz, unha metade en cor e outra en branco e negro ata case esvaeirse.

Estas serigrafías expóñense en museos como o MOMA ou a Tate Gallery, e algunhas véndense por sumas millonarias nas mellores casas de subastas. Certo é que as obras de Warhol son as máis famosas, pero outros artistas de renome tamén usaron a actriz para as súas creacións (Brian Olsen, VOKA).